

O 14/03/2023 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (en diante DXSA) un escrito da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, no que se solicitaba o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña).

A proposta de modificación acompañábase da seguinte documentación:

- Memoria funcional
- Memoria económica
- Equivalencias dos postos que se transforman de laborais a funcionarios
- Normativa de aplicación:
  - Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia
  - Orde do 10 de marzo de 2021 pola que se modifica o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro) a DXSA emite o seguinte





## INFORME

### **PRIMEIRO.** *Antecedentes*

O Decreto 225/2020, do 23 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporou no anexo V as prazas obxecto de funcionarización.

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Por Resolución do 12 de maio de 2021 convocáronse procesos para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira da agrupación profesional de persoal funcionario, do persoal laboral fixo de varias categorías pertencentes ao grupo V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Por resolucións do 7 de febreiro e do 7 de xuño de 2022, a Comisión encargada de cualificar os procesos de adquisición da condición de persoal funcionario de carreira indicados no parágrafo anterior, fixo pública a relación de aspirantes que superaron os procesos de funcionarización das categorías V-1 e V-11, entre outras.

### **SEGUNDO.** *A relación de postos de traballo*

O Decreto 165/2019, do 26 de decembro, recolle que o persoal que supere un proceso selectivo para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira debe ocupar un posto clasificado nas relacións de postos de traballo como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira, sen que sexa necesario que a adaptación da correspondente RPT sexa previa ao inicio dos procedementos de funcionarización, pero esta deberá estar aprobada con anterioridade á toma de posesión como persoal funcionario de carreira.





Para a determinación dos postos susceptibles de seren clasificados como de persoal funcionario, tívose en conta o establecido no artigo 6 do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, modificado pola Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 10 de marzo de 2021.

### **TERCEIRO.** *Proposta de modificación da RPT*

A proposta de modificación de RPT que se somete ao informe da DXSA corresponde á terceira modificación de funcionarización e consiste no seguinte:

- a) Funcionarización dos 643 postos de traballo do persoal laboral fixo do grupo V, categorías 1 e 11, que superou o proceso selectivo correspondente. Dentro destes 643 postos de traballo había cinco a xornada parcial, que tras a funcionarización cambian a xornada completa.
- b) Funcionarización de 1786 postos de persoal laboral fixo do grupo V, categorías 1 e 11, dos cuais 162 teñen xornada parcial e manteñen este tipo de xornada.

Estes postos correspóndense coas seguintes situacións:

- Postos de traballo ocupados por persoal laboral fixo que non superou o proceso, e que manteñen a ocupación como persoal laboral fixo.
- Postos de traballo vacantes ou ocupados por persoal laboral temporal e indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións nos postos que viñan ocupando, nas mesmas condicións e situación, ata que se leve a cabo o establecido na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, logo do remate dos procesos de funcionarización que se convoquen ao abeiro das ofertas de emprego dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021.
- Postos cuxos ocupantes superaron os procesos de funcionarización pero que se xubiláron antes do nomeamento como persoal funcionario.





Ademais, nos postos de traballo de persoal laboral que tiñan os complementos salariais con códigos B10, B11, B14 ou B18 realizáronse os seguintes cambios: elimináronse nos postos correspondentes de persoal funcionario os complementos B10, B11 e B18 e o complemento B14 substituíuse por Horario especial.

Así mesmo, tamén se eliminaron as titulacións académicas esixidas con códigos 6001 e 6003.

#### **CUARTO.** *Clasificación e nova gradación dos niveis*

Os postos clasificáronse nos distintos niveis da Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante AP) en función dos complementos salariais que viñan percibindo. Tamén se clasificaron aqueles postos que sen teren complementos de pluses realizan as mesmas funcións nas mesmas circunstancias, homoxeneizándose a súa clasificación.

Esta funcionarización fai precisa a introdución dunha nova gradación de niveis no grupo AP que equipare mellor as retribucións que viña percibindo o persoal laboral fixo das categorías V-1 e V-11 coas do persoal da agrupación profesional, engadindo un novo nivel 9 por debaixo do nivel 10, nivel mínimo establecido para AP no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

Simultaneamente á tramitación da presente modificación de relación de postos de traballo estase a tramitar unha modificación do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

#### **QUINTO.** *Toma de posesión e cambio de vínculo xurídico*

A toma de posesión do persoal laboral fixo que superou o correspondente proceso de funcionarización efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando como persoal laboral.





Este persoal pasará a devindicar todas as súas retribucións conforme ao sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira.

Porén, ao persoal que se manteña no mesmo posto de traballo garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación se estas fosen superiores ás que lle correspondan como persoal funcionario de carreira, mentres permaneza nese destino ou pase a un posto de traballo da mesma tipoloxía cun mesmo réxime de prestación de servizos e cuns complementos iguais na orixinaria clasificación laboral da que deriva. A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e persoal laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización.

O persoal que se funcionarice seguirá percibindo os trienios recoñecidos como persoal laboral fixo valorados na contía que corresponda ao corpo, grupo, escala ou especialidade do posto equivalente.

Así mesmo, coa adquisición da condición de persoal funcionario de carreira consolidarase a percepción do complemento de carreira profesional que tivese recoñecido.

Por outra parte, a consolidación do grao persoal comenzará no nivel mínimo do correspondente corpo ou escala, de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril e no Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

## **SEXTO.** *Custos*

Segundo se recolle na memoria económica achegada, o custo asociado á proposta de modificación da RPT ascende a 610.398,56 €. Este custo só se producirá no momento no que este persoal modifique o seu vínculo xurídico coa Administración.

O incremento retributivo sinalado anteriormente queda compensado co aforro en cotizacións sociais como consecuencia do cambio de vínculo de laboral a funcionario.



A dita memoria económica deberá de ser obxecto de valoración por parte da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña).

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

*Documento datado e asinado dixitalmente na marxe*

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA. CONSELLERÍA DE FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

